

Mameel Rodríguez López
Hospital 54
Barcelona 16
España

Barcelona 2/6/68

F. Dr. Celso Emilio Ferreiro

Con fonda lexicia recibim a ma carta do día 25 de abril e a ma cantiga de maldecir, que me agradeou moito.

Refrente a Castelas, dixelle que o día 10 estiven nunha conferencia do Dr. Garcia Sabell, cunha presentación fixoa Basilio Losada, encol do noso gran dibuxante i escritor. Tivo un éxito enorme. A ma explicación foi respaldada por ~~presente~~ proieccións de dibuxos desconocidos, os mellores, por min por non terse publicado, según dixo el, por "causas que todos Vds. comprenden" A prensa de Barcelona fixose eco do Dr. Garcia Sabell e houbo unha exposición do libro galego.

De "Longa noite de pedra" xa levo vendidos 70 exemplares entre os compañeiros e non vendo mais porque traballo a xornada seguida e xa hai quen me ten botado o ollo por andar nas seccións do libro facendo propaganda e por menos de nada fan un paquete con un. Hai moito descontento. Temos en marcha o expediente de crisis.

Como noticia importante, que coito será do seu agrado, dixelle que "Os Ceibes" están tendo gran resonancia coa "Nova canción galega" entre cuas composicións hai poemas de Vde.

O "Faro de Vigo" fixo moita propaganda do día das letras. Mándolle algún recorte por se non chega ás suas mans a prensa galega.

O meu libro, lo que xa me mandaron as probas, aínda non apareceron nas librerías. É un problema. Tiven que facelo pola mínima conta. "Galaxia" seica ten o programa completo e non máis puído publicar. "Grial", que lles mandei unha obra de teatro, dixéronme que iste ano xa teñen todo confeccionado e non me contestarán seica entón. As veces penso que tal e existe un círculo vicioso no que é casi imposible entrar. Os meus poemas, certamente, son ruins; pero na mesma "Illa Nova", coído eu, hai libros que eu particularmente non recomendaría a ningún porque sería tanto como desengañar i lentar pra que non lese literatura galega. Dos meus setenta compañeiros que leon "Longa..." que me dían se lles endosara por exemplo "Entre o río e o mar" ou "Vieiro choido" etc.

Outra cousa que non me cabe na testa é porqué non fan ~~novas~~ edicións dos libros esgotados en "Galaxia"?; Porqué ten que ganar o ditcheiro "EL BARDO" co seu libro e non iles?

Tardei en contestarlle porque estaba agardando o meu novo libro, que esta na imprenta. Oute fun visitar a Batlló e iba en Bilbao, que lle deron un premio no Ateneo de Bilbao; despois vai a Madrid. Suponho que pronto teremos o libro que estar seguro terá tanto éxito como "Longa noite de pedra" do cal xa non se atopa por ningures.

Mais nada. Reciba un afectuoso saúdo do seu s-s. s.

Atopeite moi lonxe do nativo lugar.

Contáchesme, chorando, o teu longo historial.

Co teu home fuxiches pra terras estranxeiras

porque medran na Patria somentelas carqueixas,

toxos sorentos medran, somentes curricolas,

que espiñan, mágoan, firen, zagan, matan i afogan.

O coidado da aboa o teu fillo quedou
i o teu peito, esgaxado, cafu na emigración.

Na diáspora, coitada, cántos ollos mollastes!

Servistes ó burgués. Os seus fillos lavaches,

de sol a sol: traballo. A testa sempre baixa,

olladas que ~~se esquecen do fillo~~ ^{non saben dun} que moi lonxe

escoita á sua aboa mil veces o teu nome,

burgueses que che pagan puntualmente ó mes

o que iles esborrallan unha noite de pracer.

Emigrante que choras, ¿Quén rozará as silveiras,

os toxales i os cardos que inzañ a tua terra?

¿Cándo coidas tornar a carón do teu neno?

¿Pra qué emigraches, dí, co teu home ó estranxeiro?

¿Esqueciches que hai xugos, esqueciches que hai fouces?

Encamiñate axiña a carón do meniño

que chora polos pais e polo seu garimo.

Cal nova Rosalia peta de porta en porta

e xungue nunha arela a Patria que se escoa.

Berra ós homes que forxen mil fouces e gadañas

e que rocen as silvas que corren polas agras.

Berra, muller galega, pra que o teu home esperte.

Dille como os desertos se tornan en verxeles.

Esprícalle que un pazo son milleiros de pedras

i o tren que vos levou, moitas ducias de pezas.


~~Na canteira amoredas ou ciscadas nas fábricas,
nin trenes habería, nin habería casas.~~

Esgánate berrando ~~polos~~ por aldeas e vilas

que as canas fan^o mollos, que as augas fan^o rías.

Dilles, muller galega, que a unidá enxendra forza!

Esgánate berrando pra que a Patria non morra!


Pra Celso Escalio coa
arela de que poida estar
axiña entre nosotros
